

Reunido en Santiago de Compostela, no IES Xelmírez I, o xoves 11 de Novembro de 2021, o xurado do IX Certame de Ensaio Subversivo "Guillermo Domínguez" estivo composto polos membros que se relacionan:

Presidente:

Armando Requeixo, crítico literario e investigador, profesor da USC e secretario científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ensaísta e estudoso da cultura galega. Subliñar de entre moitísimos traballos e artigos, as teses de licenciatura e de doutoramento dedicadas a Ánxel Fole e Xosé María Díaz Castro, respectivamente, Premio Xerais de Cooperación Editorial 2004, Premio Literario Ánxel Fole 2010 e Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela 2017. Representante, neste xurado, da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Vogais:

Brais Gonzalez Arribas, Doutor en Filosofía e investigador na Cátedra Internacional de Hermenéutica Crítica. Profesor de Ensino secundario, formou parte, entre outros, do proxecto Derriba. Entre as súas obras destacan *Outro Xeito de Ser. Unha introdución ao pensamento de Giianni Vattimo* (Estaleiro, 2010), *Reduciendo la violencia: la hermeneutica nihilista de Giianni Vattimo* (Dykinson, 2016), *Sobre a eutanasia* (Através, 2018), *Vir a menos. Crítica da razón nihilista* (Axóuxere, 2019) e a mais recente, *Transhumanismo. Tecnociencias e antropotecnias* (Euseino, 2021) onde aborda e delimita un dos principais problemas da nosa época, as relacións e simbioses entre o home e a máquina.

Berta Mata Hermida, principal impulsora do premio que recoñece a figura de Guillermo Domínguez, profesora de Filosofía do IES

Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela, secretaria do centro e do Colectivo Xelmírez.

Secretaria (con voz e sen voto): Eva Garea Traba, profesora de Filosofía do IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela.

RESOLVEU:

Outorgar os premios e mencións honoríficas que se relacionan aos seguintes traballos atendendo aos criterios que se expoñen:

A mención especial do Xurado outorgase á obra **"A saúde mental na adolescencia: unha realidade esquecida"** de Iria Rodríguez Vidueira, do centro IES Martaguisela de O Barco de Valdeorras, dotado cun lote de libros e diploma acreditativo, por ser quen de, a partir das vivencias e experiencias dun estudante de secundaria, abordar un dos temas máis importantes na actualidade: a protección da saúde mental. A alumna foi capaz de integrar os coñecementos adquiridos na materia de Psicoloxía e aplicalos á súa contorna inmediata. No seu traballo recolle os diferentes aspectos a ter en conta para abordar este problema e dá unha perspectiva nova, dende o punto de vista da adolescencia, moi necesaria nun tema sempre tratado desde perspectivas sanitarias e adultas.

O Segundo premio, dotado con 200 euros e diploma acreditativo, ao traballo **"Dona Haraway Retranqueira: o Manifesto Cyborg aplicado a Galicia"** de Daniel Asegurado Mougán do IES Xelmírez I de Santiago de Compostela, por arriscarse a xuntar dous espazos que, en principio, puideran sentirse afastados entre si: o discurso feminista de Haraway e a situación actual da lingua galega. A discurso maduro e a capacidade que amosou de aplicar coñecementos en diferentes ámbitos faino merecedor deste premio. Achegar o discurso de Haraway e facer dela unha "retranqueira galega" é razón suficiente para que estea entre os galardoados nesta edición.

O **Primeiro premio**, dotado con 500 euros e diploma acreditativo, ao traballo **"Nunha terra afastada (fai moito, moito tempo...)"** de Nuria Ramos Dos Anxos do IES Quiroga. O Xurado quere destacar a forma do discurso, a medio camiño entre a narrativa e o ensaio filosófico e o xogo entre o ficcional e a descrición do real. A escritura agarimosa e o punto creativo dos subtítulos do ensaio estruturan un traballo que percorre moitos dos discursos contemporáneos sobre o papel da ficción na vida humana. A súa defensa das novas narrativas dixitais como modelos alternativos de ficción que cumpren o mesmo cometido que onte tiveron formas de narrar vencelladas ao oral ou á escritura pon o punto subversivo a este traballo, que amosa unha madurez e nivel de esforzo que o fan digno representante deste premio.

En Santiago de Compostela a 11 de Novembro de 2021